

# HISTORIA DA ARTE

## **ESPECIALMENTE RECOMENDADA PARA:**

Alumnado que desexe cursar graos na rama de Artes e Humanidades (Arte, Belas Artes, Filoloxías...), Enxeñería e Arquitectura (Paisaxe), Ciencias Sociais e Xurídicas (Comunicación Audiovisual, Mestre, Turismo, Xestión Industrial de Moda, Xornalismo).

## **CARGA LECTIVA**

Catro sesións semanais. 2º Bacharelato.

## **CONTIDOS**

Ten por obxecto de estudo a obra de arte como produto resultante da intelixencia, da creatividade e da actuación humanas, que se manifestaron de xeito diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo, testemuño para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades. O estudo céntrase nas características esenciais dos períodos, estilos ou correntes máis significativos da arte occidental, así como na súa evolución, a través da análise dun número limitado de obras representativas ou nomeadamente salientables, aínda que iso obrigue a renunciar de antemán a certos/as artistas e obras de interese indiscutible.

## **PROGRAMA DA MATERIA**

- O legado da arte clásica. Grecia e Roma.
- O nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval. Arte paleocristiá e bizantina. Prerrománico. Románico e Gótico.
- Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno: Renacemento e Barroco.
- Os séculos XIX e XX: a arte dun mundo en transformación e a ruptura da tradición.
- O século XIX: a arte dun mundo en transformación (2) da tradición: arte no século XX.
- A universalización da arte dende a segunda metade do século XX.
- O vocabulario artístico (explicarase en relación a cada bloque temático)